

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

EVENTOS, NOTICIAS E RECOMENDACIÓNS CULTURAIS DE LUGO

SETEMBRO 2022

PROGRAMA DO 23/09 AO 29/09

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



AXENDA

VENRES 23/09

- **SEMANA DE CINE DE LUGO 2022**, programa en páxinas seguintes
- **12:30 VISITA GUIADA** gratuíta polo centro histórico. Inscripción na Oficina de Turismo Municipal ou no 982 251 658
- **17:00 #PASEARTE - PASEO GUIADO** pola arte urbana lucense. Inscripción na Oficina de Turismo Municipal ou no 982 251 658
- **18:00 FESTIVAL SOLIDARIO** Empatiza – Pza Mosqueira
- **20:00 INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN** de Iván Prieto «Tripolar» na Galería La Catedral
- **20:00 HOMENAXE** a Darío Xohán Cabana dentro da Semana de Cine de Lugo – Deputación
- **21:00 CONCERTO** de Hänselus – Pza Augas Férreas
- **22:30 TEATRO** “O mundo de Martiña” – Club Clavicémbalo

SÁBADO 24/09

- **SEMANA DE CINE DE LUGO 2022**, programa en páxinas seguintes
- **III ENCONTRO DE FANZINES E AUTOEDICIÓN** VAIA VAIA – Pza de Abastos
- **FESTA FIN DE VERÁN** no barrio da Tinería
- **12.30 VISITA GUIADA** gratuíta polo centro histórico. Inscripción na Oficina de Turismo Municipal ou no 982 251 658
- **13:30 SESIÓN VERMÚ** con O’Leo de Matamá – Madia Leva
- **17:00 #PASEARTE - PASEO GUIADO** pola arte urbana lucense. Inscripción na Oficina de Turismo Municipal ou no 982 251 658
- **22:00 CONCERTOS** de Perpetual e Barbarian Prophecies – Club Clavicémbalo

DOMINGO 25/09

- **III ENCONTRO DE FANZINES E AUTOEDICIÓN** VAIA VAIA – Pza de Abastos.
- **12:30 VISITA GUIADA** gratuíta polo centro histórico. Inscripción na Oficina de Turismo Municipal ou no 982 251 658
- **18:00 TEATRO AMADOR** – Lonxe dos teus abrazos – Auditorio Municipal Gustavo Freire – Entradas: 3€ no auditorio ou entradaslugo.es

XOVES 29/09

- **20:30 TEATRO** – ‘Fake (trampantojo)’ – Auditorio Municipal Gustavo Freire

FESTIVAL EMpatiza 2022

**SUDAKAS
MOONDANAL
FILOPHÓBICAS
UNA MESA PARA DOS
CONDUCTO COLOQUIO
LACÓN CON GRELOS
BLUES BAND
SKINTIGHT**

**VENRES
23
SETEMBRO
18:00 h.
Entrada libre**

**PRAZA MOSQUEIRA
(LUGO)**



sanofi



Concello de Lugo



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

✓ POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



alucem

Circuíto Galego de Teatro Amador 2022

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

Lugo

- **11 setembro ás 18:00 horas**
Rebuldeiras teatro
"FRÁXILES"
- **17 setembro ás 20:30 horas**
Gargallada teatro
"UN DESASTRE DE FUNCIÓN"
- **18 setembro ás 18:00 horas**
Paso de Valverde
"O PRINCIPIÑO"
- **25 setembro ás 18:00 horas**
Teatro do Ar
"LONXE DOS TEUS ABRAZOS "



XLIV SEMANA DE CINE DE LUGO



DO 19 AO 24 DE SETEMBRO DE 2022



*María Casares vive desde hai cen anos.
Viva María Casares!*



2022.semanadecinedelugo.com

23 SET C A R T E L E I R A
 VENRES

HORA	TÍTULO	CICLO	SALA	DURAC	PÁX
17:30h	PLASTIC KILLER	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	21	102
17:30h	LA CASA	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	12	102
17:30h	LA BANYERA	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	19	103
17:30h	MI CONDICIÓN	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	10	103
17:30h	ESPINAS	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	15	104
17:30h	NEGOCIADORA	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	14	105
17:30h	MAÑANA VOLVERÉ	AS CURTAS TAMÉN SON CINE	UNIVERSIDADE	11	105
18:00h	EL REY BURRO	INFANTIL	AUDITORIO	85	24
18:00h	ESCRIBIR LO IMPOSIBLE	CINE GALEGO (LONGA.)	VELLO CÁRCERE	60	82
18:00h	LA LECTORA	CENT. MARÍA CASARES	BIBLIOTECA	98	73
18:00h	LA PALABRA MALDITA	DOCUMENTAL	DEPUTACIÓN	80	59
18:00h	EL ULTIMO BASTIÓN	DOCUMENTAL	DEPUTACIÓN	20	59
19:30h	QUIEN ES GAEL?	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	9	121
19:30h	EUCALIPTO. UN ASESINO SILENC.	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	9	121
19:30h	A COMUÑÓN DA MIÑA PRIMA ANDREA	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	13	122
19:30h	ANATOMÍA DUNHA SEREA	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	14	123
19:30h	EL ASESINATO DEL DR. SÁNCHEZ...	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	6	124
19:30h	REFLEXIÓNS DUNHA AVARICIOSA	CINE GALEGO CURTAS	UNIVERSIDADE	5	124
20:00 h	VERDE A COR DA SOIDADE	CINE GALEGO (LONGA.)	VELLO CÁRCERE	85	83
20:00h	DUNA	CINE DAS NACIONALIDADES	AUDITORIO	81	32
20:00h	A MARIÑEIRA	HOMENAXES	DEPUTACIÓN	84	67
22:00h	CANIBALES	CURTAS SECCIÓN OFICIAL	AUDITORIO	5	40
22:00h	QAZI	OFICIAL	AUDITORIO	81	48

C A R T E L E I R A SET **24**
 SÁBADO

HORA	TÍTULO	CICLO	SALA	DURAC	PÁX
18:00h	CLARA Y EL DRAGÓN MAGICO	INFANTIL	AUDITORIO	87	25
20:00h	EL PARQUE	CINE DAS NACIONALIDADES	AUDITORIO	85	33
22:20h	WATANI	CURTAS SECCIÓN OFICIAL	AUDITORIO	3	41
22:00h	LA PAMPA	OFICIAL	AUDITORIO	106	49



V A I A

ENCONTRO DE FANZINES E AUTOEDICIÓN

24 - 25

SEPT

2022

PRAZA DE ABASTOS,

LUGO



Encontro de fanzines e autoedición

vaiavaia.gal

**A
 REVOLTA
 DOS
 CLICKS**

NO MIHL
 DO 18 DE XULLO
 AO 28 DE OUTUBRO 2022

Esta exposición non está organizada por © PLAYMOBIL/ geobra Brandstätter Stiftung & Co.KG

 Museo Interactivo da Historia de Lugo		
HORARIOS VERÁN	HORARIOS VERANO	SUMMER SCHEDULE
1 XUÑO-14 OUTUBRO	1 JUNIO- 14 OCTUBRE	JUNE 1st- OCTOBER 14th
TODOS OS DÍAS	TODOS LOS DÍAS	EVERY DAY
10:00 H - 14:00 H 16:30 H - 20:30 H	10:00 H - 14:00 H 16:30 H - 20:30 H	10:00 H - 14:00 H 16:30 H - 20:30 H

#PASEARTE VERÁN 2022

*Paseos guiados pola
Arte Urbana Lucense*

**Inscripcións: Oficina Municipal de Turismo
Teléfono 982251658 ou en persoa**

**Lugar de inicio dos paseos:
Praza da Mosqueira**

**Datas: 2 e 18 de xuño; 1, 2, 7, 8, 21, 22
de xullo; 5, 6, 12, 18, 19 de agosto;
2, 3, 9, 16, 23, 24, 30 de setembro**

Horario: de 17h a 19h



VERÁN 2022 (ATÉ O 25/09)

VISITAS GUIADAS POLO CASCO HISTÓRICO DE LUGO



Venres, sábados e domingos ás 12:30 horas.
Gratúitas previa inscrición no Tel. 982 251 658
Saída: Praza Maior -Fronte á Casa do Concello-

2022  **2023**

concertos

xoves, 22 de setembro
Cuarteto Quiroga
Integral dos Cuartetos de cordas de J. Brahms
no 125 aniversario do seu pasamento (segundo concerto)

sábado, 29 de outubro
Orquestra Barroca de Sevilla (OBS)
Alfonso Sebastián, dirección
Concertos de Brandeburgo de J. S. Bach

sábado, 5 de novembro
Tempus Trio
Trio nº 1 de L. v. Beethoven e Trio nº 2 de F. Schubert

venres, 2 de decembro
Real Filharmonía de Galicia
Birgit Kolar, violín
Rubén Gimeno, dirección
Concerto para violín e orquestra de L. v. Beethoven
e obras de B. Bartók e Unsuk Chin

sábado, 17 de decembro
Vicente Antequera, barítono
Oscar Oliver, piano
Dichterliebe de R. Schumann e outros Lieder

martes, 17 de xaneiro
Cuarteto Gerhard
Cuarteto en sol menor de C. Debussy e Cuarteto nº 5 de D. Shostakóvich

martes, 7 de febreiro
Isabel Villanueva, viola
François Dumont, piano
Obras de R. Schumann, J. Brahms, F. Bridge e Rebecca Clarke

sábado, 4 de marzo
Sergey Malov, violín, violoncello da spalla e dirección
Orquestra Sinfónica Vigo 430
Obras de C. Ph. E. Bach, F. J. Haydn e W. A. Mozart

venres, 10 de marzo
Ilia Papoian, piano
Gañador do V concurso Internacional de piano Cidade de Vigo 2021
Obras de M. Clementi, S. V. Rajmáninov, M. Ravel, N. Médtner e F. Liszt

venres, 14 de abril
Real Filharmonía de Galicia
Novo/a director/a titular da RFG
Programa en preparación

mércoles, 3 de maio
Camerata da Orquestra Sinfónica de Galicia
W. Rosinskij, dirección
Dasha Rosinskij Prokopenko, piano
Obras de F. Mendelssohn, W. Rosinskij, J. Sibelius e W. A. Mozart

Círculo de las Artes - 20:00 horas

    **EL PROGRESO**




PROGRAMACIÓN SEMANAL




O VELLO CÁRCERE



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

-  Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
-  982 297 195
-  vellocarcere@lugo.gal
-  <http://ovellocarceredelugo.gal/>

REDES SOCIAIS

-  www.facebook.com/OVelloCarcere
-  www.instagram.com/ovellocarcere
-  www.twitter.com/o_vello_carcere

HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

MAÑÁS:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

TARDES:

- De domingo a mércores de 17:00 a 20:30 h.
- De xoves a sábado: 17:00 a 22:30 h.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.

Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

PÚBLICO XERAL:

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra".

- Xoves e venres: 18:15h.
- Sábados: 11:15h. e 18:15h.
- Domingos: 18:15h.

PÚBLICO FAMILIAR:

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓNS PERMANENTES

'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

'ELAS'

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

'SERIE AMARILLA'

Exposición pictórica do artista ourensán Xaime Quessada onde narra as guerras que aconteceron nos derradeiros anos da súa vida. A exposición poderá visitarse ata o 2023.

'PABLO AULADELL. O PARAÍSO PERDIDO DE JOHN MILTON'

Esta mostra adéntrase nos abismos do inferno e da psicoloxía humana, na dicotomía entre a omnipotencia divina e o libre albedrío dos homes, entre o ben e o mal, entre a aceptación e a rebelión. Pablo Auladell adéntrase, á súa vez, no Paraíso de Milton recollendo a súa propia interpretación contemporánea e realizando con ela unha adaptación en clave de mirada e de trasvase a unha linguaxe distinta. Este traballo fíxose merecedor do Premio Nacional de Cómic polo seu "gran valor artístico, a forza visual, o uso orixinal da iconografía e a narrativa que consegue ao mesmo tempo ser arquetípica e plenamente actual".

Esta exposición recolle unha selección de máis de 40 ilustracións orixinais e bosquejos divididos en catro cantos: Satán; Un xardín das delicias; Os primeiros recordos do mundo; e A espada flamíxera. Durante o percorrido, ademais de admirar as ilustracións, un pode articular a historia xa que as obras foron situadas na orde na que aparecen na novela gráfica e apóianse en textos que axudan a seguir a narración. O proceso creativo da adaptación do poema tamén ocupa lugar nesta exposición, cun contido que foi pensado, planificado e debuxado ao longo de cinco anos. Poderá visitarse durante os meses de xullo, agosto e setembro.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

'TINGA TINGA'

O “tingatinga” ou “arte que fai sorrir”, é o xénero pictórico africano orixinario de países como Tanzania ou Kenia que presenta o artista Allen Enock Abeid nas celas da planta baixa do panóptico.

Baixo o título de “Tinga Tinga”, esta mostra mergúllanos na tradición e no imaxinario do pobo africano a través das costumes do pobo masái e da súa flora e fauna, como tamén mediante unha paleta cromática moi luminosa, o trazo marcado e a predominancia da liña curva.

Dende o 15 de xullo ao 30 de setembro do 2022.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

'LIBERARTE'

O colectivo "Alterarte" presenta a mostra temporal "LiberArte", na que 17 artistas expoñen a súa obra pictórica e escultórica de forma colectiva.

Trátase dun conxunto de máis de 50 pezas realizadas con diferentes técnicas e materiais, que abrangue estilos moi diversos que van dende o realismo ata a abstracción, e representan temáticas como a paisaxe, o retrato ou a natureza morta.

Poderá visitarse do 16 de xullo ata o 15 de outubro do 2022.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

'FORZA, ESPAZO, TEMPO'

Esta mostra escultórica da artista polifacética Pepa Nieto, é a nova exposición temporal que ocupa as celas da segunda planta de mulleres.

'Forza, Espazo, Tempo' é unha mostra íntima onde Pepa expresa o seu mundo imaxinativo que está moi ligado a súa poesía. As obras están feitas en arxila debido a que este material ten un tacto suave e maleable que non limita a creatividade da artista.

Pepa Nieto define esta exposición, coa que se inaugura no oficio da escultura, como formas ligadas as técnicas tradicionais coas que representa o mundo no que vivimos.

Esta exposición poderase visitar ata o 30 de novembro.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: 'PROGRAMA TÁNDEM'

O programa Tándem pretende promover encontros interculturais que terán lugar de xeito periódico na Biblioteca do Centro. Nestas sesións, dirixidas ao público xeral adulto, as persoas participantes poderán practicar un idioma e vivir a experiencia de coñecer outras culturas de primeira man, mentres divulgan á vez a súa propia.

Os grupos organizaranse segundo os idiomas e intereses das/dos participantes, que serán remitidos a través dun correo a: vellocarcere@lugo.gal. Indicarase ademais o idioma que se quere practicar, a lingua nativa e os temas ou preferencias a tratar.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: 'ESPAZO DE LECER'

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender nun espazo especialmente deseñado para elas e eles.

Dúas monitoras organizan continuamente diversas actividades que se poñen en práctica, dun modo lúdico e educativo, co obxectivo de que rapazas e rapaces afiancen unha serie de valores, así como conceptos relacionados coa historia do edificio e as exposicións que alberga; a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas.

O horario deste espazo, é o seguinte:


Sábados, domingos e festivos:

- Quendas de mañá: 11:00 - 12:30h.
12:30 - 14:00h.
- Quendas de tarde: 17:30 - 19:00h.
19:00 - 20:30h.



PROGRAMA TÁNDEM

INTERCAMBIOS CULTURAIS



LUGAR: BIBLIOTECA

982 297 195


vellocarcere@lugo.gal






VISITAS GUIADAS

- Xoves, venres e domingo, 18:15h.
- Sábado, 11:15h. e 18:15h.
- Domingo, 11:15h. (PÚBLICO FAMILIAR)



CONCELLERÍA DE
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

QUÉ FACER EN LUGO?



SENTIRSE
INDIANA JONES
VISITA O MUSEO MIHL
Descobre o noso pasado arqueolóxico.



#activandolugo

No Museo Mihl podes descubrir o pasado arqueolóxico de Lugo, ademais de facer un percorrido histórico dende a orixe romana da cidade ata os nosos días con recursos audiovisuais e pezas históricas orixinais.

Museo Interactivo da Historia de Lugo
Parque da Milagrosa, Av. Infanta Elena s/n.
982 29 74 46

www.facebook.com/museomihl
[@mihl_museo](https://www.instagram.com/mihl_museo)
[@mihl_museo](https://www.twitter.com/mihl_museo)



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

HORARIOS VERÁN

HORARIOS VERANO

SUMMER SCHEDULE

1 XUÑO-14 OUTUBRO

1 JUNIO- 14 OCTUBRE

JUNE 1st- OCTOBER 14th

TODOS OS DÍAS

TODOS LOS DÍAS

EVERY DAY

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H





MUSEO MIHL

EXPOSICIÓNS ACTUAIS:

SALAS PERMANENTES:

Exposición "De Lucus a Lugo":

Exposición que fai un percorrido histórico dende o Lugo Romano ata o Lugo contemporáneo con diferentes dispositivos audiovisuais complementado con diferentes pezas arqueolóxicas

Exposición "Desenterrando o pasado":

Exposición organizada polo servizo de Arqueoloxía do Concello, no que se percorren os derradeiros trinta anos de excavacións arqueolóxicas na nosa cidade.

"Mediateca":

Diferentes traballos realizados polos participantes dos diferentes obradoiros infantís que se se realizan no MIHL.

Exposición "Visións de Lugo":

Exposición pictórica das edicións do 2020 e 2021 do Certame de Pintura Rápida que organiza o Concello de Lugo, e que plasma diferentes partes da nosa cidade cun estilo libre.

Esta exposición non está organizada por © PLAYMOBIL/ geobra Brandstätter Stiftung & Co.KG



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



CASA DOS MOSAICOS + CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE + SALA DE EXPOSICIÓN PORTA MIÑÁ
+ CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

facebook.com/Museos-Lugo-101761628425726
instagram.com/museoslugo




HORARIO VERÁN

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA
MURALLA

TODOS OS DÍAS
10H A 14H
16H A 20H

DENDE
01/06 ATA 14/10



HORARIO VERÁN

CASA DOS MOSAICOS
SALA DE EXPOSICIÓN PORTA MIÑÁ
CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN
ROQUE

TODOS OS DÍAS
10H A 14H
16:30H A 20:30H

DENDE
01/06 ATA 14/10

CONCELLERÍA DE
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

INFORMACIÓN
TURÍSTICA EN LUGO?



OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Pza do Campo 11 - Baixo
982 25 16 58



#activandolugo

Oficina Municipal de Turismo

Praza do Campo, 11
27001 Lugo, Lugo

Tf: 982251658

Email: lugoturismo@lugo.gal | Facebook: www.facebook.com/TurismodeLugo

HORARIO DE INVIERNO: do 1 de xaneiro ao 31 de maio e do 15 de outubro ao 31 de decembro (excepto a Semana Santa e Nadal):

- Todos os días de 10 a 18 horas

HORARIO DE VERÁN (vixente do 1 de xuño ao 14 de outubro):

- Todos os días de 10 a 20 horas

HORARIO DE SEMANA SANTA:

- Todos os días de 10 a 20 horas (este horario aplícase desde o sábado véspera do Domingo de Ramos ata o Domingo de Resurrección)

HORARIO DE NADAL:

- Todos os días de 10 a 20 horas (este horario aplícase do 20 de decembro ao 6 de xaneiro)

Pecha os días 25 de decembro e o 1 e o 6 de xaneiro. Horario reducido de 10 a 14 horas o 24 e o 31 de decembro.

HORARIO ESPECIAL DE ARDE LUCUS:

- O xoves, venres e o sábado de 10 a 22 horas
- O domingo de 10 a 20 horas

HORARIO DO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VERÁN (Pza Maior)

HORARIO DE VERÁN (vixente do 1 de xuño ao 14 de outubro):

- Todos os días de 10 a 20 horas

HORARIO ESPECIAL DE ARDE LUCUS:

- O xoves, o venres e o sábado de 10 a 22 horas
- O domingo de 10 a 20 horas

HORARIO ESPECIAL DE SAN FROILÁN:

- Fin de semana e festivos de 10 a 22 horas
- Resto dos días de 10 a 20 horas

MAITE FERREIRO CONFIRMA A VOLTA DA LETRA DAS FESTAS PARA O SAN FROILÁN 2022



O TENENTE ALCALDE, RUBÉN ARROXO E A CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, MAITE FERREIRO, XUNTO CON ANTONIO REIGOSA E LOIS PÉREZ EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN ESCRITORAS-ES LINGUA GALEGA - AELG PRESENTARON A 12 EDICIÓN DA LETRA DAS FESTAS, A REVISTA ORAL DO SAN FROILÁN QUE VOLVERÁ ESTAR PRESENTE NO 2022.

A actividade terá lugar o día 6 de outubro a partir das 19:00 no auditorio de O Vello Cárcere e baixo o título Vir ao San Froilán, recollerá memorias, anécdotas e historias da xente de fóra de Lugo que veu e volveu á gran festa do outono galego.

“Continuamos un ano máis a nosa colaboración coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega cunha actividade xa consolidada no programa do San Froilán”, afirmou Maite Ferreiro, que engadiu “a Letra das Festas foi protagonista do San Froilán de 2021, ao protagonizar o 18º libro da colección O San Froilán dos Devanceiros, cunha selección da historia das 10 primeiras edicións da actividade da AELG nas festas”.

O GOBERNO DE LUGO COLABORA CO FESTIVAL SOLIDARIO DE ALUCEM



O TENENTE ALCALDE, RUBÉN ARROXO E A CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, MAITE FERREIRO, PRESENTARON AS ACTIVIDADES DAS II XORNADAS DE ESCLEROSE MÚLTIPLE ORGANIZADAS POLA ASOCIACIÓN ALUCEM LUGO, XUNTO CO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN, JOSÉ IGNACIO GASTÁN.

Rubén Arroxo destacou que “desde o Goberno de Lugo traballamos para dar visibilidade ao tecido asociativo local, e esta actividade na Mosqueira permitirá que ALUCEM achegue as súas accións á veciñanza”.

As II Xornadas de Esclerose Múltiple que organiza ALUCEM finalizarán o venres día 23 co festival solidario ‘Empatiza 2022’, que terá lugar ás 18:00. na Praza Mosqueira coa actuación de diversos grupos locais: SudaKs, Moondanal, Filophóbicas, Unha mesa para dous, Conducto Coloquio, Lación con grelos Blues band e Skintight. A actividade será gratuíta.

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, destacou “a calidade das distintas agrupacións musicais de Lugo”, e explicou que na actividade de ALUCEM, “a veciñanza poderá desfrutar dunha selección de grupos ao mesmo tempo que coñece a importante labor desta asociación”.

PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA 2022



MAITE FERREIRO, PARABENIZOU ÁS CATRO ARTISTAS E AGRUPACIÓNS LUCENSES NOMINADAS NA 9ª EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA

MAITE FERREIRO
CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA



CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, MAITE FERREIRO, PARABENIZOU ÁS CATRO ARTISTAS E AGRUPACIÓNS LUCENSES NOMINADAS NA 9ª EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA

Maite Ferreiro destacou que “desde o Goberno de Lugo traballamos sempre na promoción da cultura, centrándonos en apoiar ao tecido cultural local”, e engadiu “nos últimos anos, traballamos en dar protagonismo ás e aos músicos de Lugo con espazos importantes no San Froilán e ciclos propios como o Muralleando, un dos grandes ciclos musicais do verán”.

A novena edición dos Premios Martín Códax da Música conta con catro agrupacións de Lugo entre os finalistas escollidos. O xurado profesional dos premios escolleu á banda Arrhythmia na categoría Metal, a NEBRA na categoría Músicas do Munco e Mestizaxe, e a Cántigas e Frores xunto con Airiños da Freba na categoría de Música Tradicional.

O vindeiro 5 de outubro realizarase a gala de entrega de premios, onde se desvelarán aos gañadores de cada categoría despois do voto popular das integrantes da asociación Músicas Ao Vivo.

"DESDE A ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO MANTEMOS UN ANO MÁIS O APOIO Á ÚNICA PROGRAMACIÓN ESTABLE DE MÚSICA CLÁSICA DE LUGO"

MAITE FERREIRO

CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA



A CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, MAITE FERREIRO, PARTICIPOU HOXE NA PRESENTACIÓN DA NOVA TEMPADA DE CONCERTOS DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE LUGO HOXE PRESENTÁRONSE OS 11 CONCERTOS DA TEMPADA, QUE TERÁN LUGAR NO CÍRCULO DAS ARTES ENTRE O VINDEIRO 22 DE SETEMBRO E O 3 DE MAIO DE 2023.

Maite Ferreiro lembrou que "desde a área de Cultura continuamos coa nosa aposta firme pola realización de actividades culturais de calidade demostrada a nivel galego, estatal e internacional" e engadiu "o compromiso da sociedade Filarmónica por manter esta actividade xa consolidada no calendario cultural de Lugo".

A programación desta tempada conta con 11 concertos, achegando a Lugo a músicos destacados a nivel galego, estatal e internacional. Desde a Sociedade Filarmónica de Lugo cóntase coas tres agrupacións máis importantes de Galiza, con concertos da Real Filharmonía de Galiza, a Orquestra Sinfónica de Galiza ou a Orquestra Sinfónica Vigo 430.

Todos os concertos do ciclo terán lugar no Círculo das Artes de Lugo ás 20:00 h. A programación completa pode consultarse na web da Sociedade Filarmónica de Lugo.

Web oficial: <https://filarmonicadelugo.com/>

“VAIA VAIA É UNHA MOSTRA CULTURAL QUE PROPÓN EXPLORAR TRABALLOS ARTÍSTICOS DE XEITO PARTICIPATIVO E ABERTO”

MAITE FERREIRO

CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓM DA LINGUA



A CONCELLEIRA DE CULTURA, MAITE FERREIRO, PRESENTOU A TERCEIRA EDICIÓM DO VAIA VAIA ENCONTRO DE FANZINES E AUTOEDIÇÃO UNHA PROPOSTA CULTURAL QUE TERÁ LUGAR A FIN DE SEMANA DO 24 E 25 DE SETEMBRO

“VAIA VAIA é unha mostra cultural que propón explorar e descubrir o traballo artístico de particulares e asociacións de xeito participativo, colorista, amable e culturalmente aberto e activo”, afirmou a concelleira de Cultura.

“Durante dous días Lugo acollerá unha feira do fanzine e da autoedición, unha reunión pública e aberta a todas as persoas interesadas nas publicacións independentes e autoxestionadas”, explicou Ferreiro, que engadiu “con esta iniciativa queremos abrazar o amateur e abrir as portas ás creadoras de Lugo que aínda non se deron a coñecer ou que nunca se atreveron a participar nun evento destas características”.

O punto de encontro principal de VAIA VAIA será o mercadinho de fanzines que se ubicará na praza de Abastos. Ao mesmo tempo, organizaranse distintas actividades para abarcar contidos que supoñan mergullarse na linguaxe da ilustración, a creación literaria, o grafismo e as artes visuais. Tamén se contará con distintas actuacións musicais para completar a programación do evento.

Información cultural elaborada o xoves 22/09. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

www.facebook.com/LugoTurismo
www.instagram.com/culturaturismolugo
www.twitter.com/LugoTurismo

Coa cultura en Lugo:

